

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 19**CONVOCATORIA**

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Sen prexuízo da asistencia telemática de aqueles concelleiros e concelleiras que por embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade grave decidan a súa asistencia nesa condición (artigo 60.5. do Regulamento Orgánico Pleno), convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **29 de decembro**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA**PARTE RESOLUTIVA**

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 24 de novembro de 2021.

Mocións:

- 2.** Moción do concelleiro membro non adscrito pola mellora da conexión ferroviaria de Vigo e a súa Área Metropolitana. Rexistro Pleno 3220/1101.
- 3.** Moción do grupo municipal Mixto solicitando o incremento de recursos de políticas destinadas á poboación migrante na Cidade de Vigo. Rexistro Pleno 3217/1101.
- 4.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno central a máxima transparencia sobre a viabilidade técnica e económica das obras de conexión do AVE entre Vigo e Ourense, a través da variante de Cerdedo. Rexistro Pleno 3223/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia acreditar os criterios a rexer no reparto das subvencións da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3228/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2021 14:02	Páxina 1 de 2
3232-1101	CSV: A4AHA2-27B239-3EA4EA-8SU9BU-FPGM8X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a acometer a reforma integral de centros de educación infantil e primaria da cidade de Vigo, aproveitando a chegada dos fondos europeos. Rexistro Pleno 3229/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicos os datos do estudo de análise e diagnose do mapa da soidade de Galicia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3230/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a implantar e financiar, nos mesmos termos que fai con outras cidades da Comunidade Autónoma, unha liña de autobús que conecte o centro de Vigo co Aeroporto. Rexistro Pleno 3231/1101.

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1120/1102. Rexistro Pleno 3218/1101.
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.11 ao 20.12.2021. Expte. 1121/1102. Rexistro Pleno 3219/1101.
11. **Formulación de rogos.**
12. **Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

Ante min, o secretario xeral do Pleno
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/12/2021 14:02	Páxina 2 de 2
3232-1101	CSV: A4AHA2-27B239-3EA4EA-8SU9BU-FPGM8X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		